

O tratamento da orientación vocacional e profesional a través das distintas etapas educativas

- A orientación profesional precisa un tratamento planificado que se desenvolverá a través de programas integrados no currículo das distintas ensinanzas (áreas, materias, módulos) e da acción tutorial. Incluirá, entre outros, os seguintes apartados:
 - Reflexión sobre aspectos do autocoñecemento: habilidades, intereses, valores, estilos de aprendizaxe, etc.
 - Análise das seguintes etapas e itinerarios educativos. Condicionantes.
 - Características do mundo laboral.
 - Planificación do propio proxecto educativo.
 - Recollida, procesamento e valoración da información.
 - Tomade decisións. Autoorientación, como meta do proceso.

1. EDUCACIÓN PRIMARIA

✓ *Primeiro e Segundo ciclo*

- Coñecemento do contorno educativo inmediato: centros de educación secundaria e de formación profesional da zona.
- Coñecemento do medio laboral máis próximo: fábricas, empresas e recursos económicos do contorno.

✓ *Terceiro ciclo*

- Coñecemento da estrutura do sistema educativo.
- A E.S.O.: características, promoción, optatividade.
- Familiarización con saídas académicas e profesionais do noso sistema educativo.
- Familiarización con aspectos básicos do mundo laboral.
- A busca de información: como e onde.
- Potenciar unha certa conduta vocacional.

2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

✓ *Primeiro e segundo curso*

- Coñecemento do organigrama da LOE.
- Características da etapa: duración, permanencia, optatividade.
- Coñecemento das optativas de 3º e 4º de ESO.

- Saídas educativas e profesionais a partir da E.S.O.
- Autocoñecemento e proceso da toma de decisións.
- Información Profesional/Laboral.

✓ **Terceiro curso**

- Afondar na información sobre o sistema educativo, grupos profesionais.
- A busca de información: iniciarse nas estratexias de busca e análise.
- Autocoñecemento: capacidades, habilidades, intereses, motivacións, valores, autoestima, etc.
- Realización de cuestionarios de intereses profesionais e de aptitudes.
- Organización de debates, exemplificación de itinerarios.
- Análise das distintas materias de 4º de ESO.
- Toma de decisión sobre elección de optativas do 4º curso de ESO.

✓ **Cuarto curso**

- Análise das distintas opcións despois da ESO: Bacharelato, Formación Profesional, Inserción laboral, etc.
- Información relevante sobre o bacharelato: modalidades, cambio de modalidade, selectividade, vinculación a estudos superiores, á Formación Profesional de grao superior...
- Análise da Formación Profesional, Programas de Cualificación Profesional Inicial: estrutura, duración, características, saídas profesionais...
- Programas orientados á madurez na toma de decisión.
- Programas específicos para a orientación vocacional e profesional.
- Técnicas e estratexias de acceso ao mundo laboral.
- A toma de decisións.

3. BACHARELATO

- ✓ A propia etapa: itinerarios formativos, optatividade, cambio de modalidade...
- ✓ Elaboración do itinerario formativo-profesional.
- ✓ As PAAU e vías de acceso á Universidade.
- ✓ Vinculacións da propia modalidade cos graos universitarios e ciclos de formación profesional específica de grao superior.
- ✓ Análise dos estudos de grao universitarios e ciclos de formación profesional específica de grao superior.

- ✓ Os programas europeos.
- ✓ Programas de profundización na toma de decisión e na autoorientación.
- ✓ Características e condicionantes do mundo laboral.
- ✓ Estratexias de inserción e permanencia no mundo do traballo.

4. FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA e PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

- ✓ Coñecemento detallado do Ciclo e Familia profesional elixido (módulos, dominios requiridos...).
- ✓ Saídas académicas ou profesionais a partir do mesmo.
- ✓ Características do futuro traballador.
- ✓ Deseño do propio itinerario profesional.
- ✓ Busca activa de emprego.
- ✓ Incorporación e permanencia no mundo laboral.
- ✓ Habilidades sociais no traballo.
- ✓ Clima laboral.
- ✓ Colaboración con axentes externos aos centros educativos.

* * *